



LA LUNGA NOTTE DEL '43

Italia, 1960 | 110 min | Drama

DIRECTOR Florestano Vancini

GUIÓN Ennio de Concini, Pier Paolo Pasolini

MÚSICA Carlo Rustichelli

FOTOGRAFÍA Carlo di Palma

INTÉRPRETES Belinda Lee, Enrico Maria Salerno, Gabriele Ferzetti, Nerio Bernardi, Raffaella Pella, Andrea Checchi, Alice Clements

SINOPS* Adaptación de *Cinque storie ferraresi*, de Giorgio Bassani. Como represalia polo asasinato do número un do poder fascista na cidade de Ferrara (en realidade, o crime foi ordenado por outro xerarca fascista), as Brigadas Negras fusilan once antifascistas.

A densidade temporal da historia vén esculpida no mesmo título: *La lunga notte del '43*. Pasado e inminente futuro recaen no presente deste relato. Dous vellos coñecidos que retoman o seu amor dos tempos de instituto e o momento clave dunha guerra, decembro do 43, a proclamación da República Social Italiana, teñen un impacto inmediato que reverbera no momento presente. Os personaxes desta historia viven en tres tempos: rememoran un pasado, intúen a fatalidade dun presente e toman decisións respecto dun negro futuro. Tanto Franco, amante da súa muller Anna, coma Aretusi, a xerarca fascista, funcionan como alter ego de Pino, personaxe tolleito que lembra os seus tempos xuvenís da marcha sobre Roma de 1922 ou a súa relación amorosa con Anna antes do accidente. Neste microcosmos, o amor, polo seu carácter furtivo ou abortado por unha dolorosa enfermidade, xorde como un froito prohibido. Doutra banda, tal e como escoitabamos en *De l'origine du siècle XXI*¹, a paixón amorosa resulta pouco probable en tempos en que campa o poder: "Nada máis oposto á imaxe do ser querido que o Estado, cuxa razón se opón ao valor soberano do amor".


A guerra estala e, desde ese intre, salvo o sacro nome dos seus líderes, todo se describe en plural: "O pobo italiano acode ás armas", "Os soldados italianos cóbrense de honra", "Só unha certeza: volveremos a África", rezan uns rótulos ao principio deste fermoso filme. A viaxe que Florestano Vancini propón consiste en partir do máis grande, un conflito mundial, para chegar ao máis pequeno, un drama amoroso, íntimo, que ten lugar en Ferrara, unha localidade pacífica que aínda non pisaron as tropas alemás. O obxectivo da cámara comprímese, a escala redúcese, e pásase do sonoro rumor do mundo a unha cadenciosa

panorámica sobre esta cidade. Unhas imaxes de reportaxe dan paso a unha ficción. Un salto significativo onde pasamos do "nós, o pobo" a un puñado de vidas singulares. En tempos de conflito, de asasinato, tortura e agresión, o cinema cumpriu a miúdo esta función humanista: rescatar o *eu*, salvalo, liberar o suxeito do anonimato. Este foi, ademais, un dos legados esenciais do neorrealismo: retrata o mundo e non chegarás a ningunha parte, mergúllate na vida dun home e contarás o mundo. Ou, noutras palabras, cada memoria individual acaba transformándose en memoria colectiva. Así, Giorgio Bassani, autor do relato orixinal, descubriu que toda unha enorme guerra cabía nos vértices dun pequeno triángulo: o que forman unha testemuña inválida, un xerarca fascista e unha parella de amantes. A seguir, tal e como vemos nun epílogo, e logo de que transcorra un longo tempo, moi lonxe daquel belicoso estrondo, a néboa levántase e o pano da guerra dilúese. E apenas se adiviñan as súas sombras.

Daniel Gascó

¹ Curtametraxe dirixida por Jean-Luc Godard no ano 2000.





SINOPSIS Adaptación de *Cinque storie ferraresi* de Giorgio Bassani. Como represalia por el asesinato del número uno del poder fascista en la ciudad de Ferrara (en realidad el crimen ha sido ordenado por otro jerarca fascista), las Brigadas Negras fusilan once antifascistas.

La densidad temporal de la historia viene esculpida en el mismo título: *La lunga notte del '43*. Pasado e inminente futuro recaen en el presente de este relato. Dos viejos conocidos que retoman su amor de tiempos de instituto y el momento clave de una guerra, diciembre del 43, proclamación de la República Social Italiana, tienen un impacto inmediato que reverbera en el momento presente. Los personajes de esta historia viven en tres tiempos: rememoran un pasado, intuyen la fatalidad de un presente y toman decisiones respecto a un negro futuro. Tanto Franco, amante de su mujer, Anna, como Aretusi, el jerarca fascista, funcionan como álgter ego de Pino, personaje lisiado, quien recuerda sus tiempos juveniles de la marcha sobre Roma de 1922 o su relación amorosa con Anna antes del accidente. En este microcosmos, el amor, por su carácter furtivo o abortado por una dolorosa enfermedad, surge como un fruto prohibido. Por otro lado, tal y como oíamos en *De l'origine du siècle XXI*¹, la pasión amorosa resulta poco probable en tiempos en que campa el poder: "Nada más opuesto a la imagen del ser querido que el Estado, cuya razón se opone al valor soberano del amor".

La guerra estalla y, desde ese instante, salvo el sagrado nombre de sus líderes, todo se describe en plural: "El pueblo italiano acude a las armas", "Los soldados italianos se cubren de honor",

"Sólo una certeza: volveremos a África", rezan unos rótulos al principio de este hermoso film. El viaje que Florestano Vancini propone consiste en partir de lo más grande, un conflicto mundial, para llegar a lo más pequeño, un drama amoroso, íntimo, que tiene lugar en Ferrara, localidad pacífica que aún no han pisado las tropas alemanas. El objetivo de la cámara se comprime, la escala se reduce, pasando del sonoro rumor del mundo a una cadenciosa panorámica sobre esta ciudad. Unas imágenes de reportaje dan paso a una ficción. Un salto significativo donde pasamos del "nosotros, el pueblo" a un puñado de vidas singulares. En tiempos de conflicto, de asesinato, tortura y agresión, el cine ha cumplido a menudo esta función humanista: rescatar el yo, salvarlo, liberando al sujeto del anonimato. Este fue, además, uno de los legados esenciales del neorrealismo: retrata el mundo y no llegarás a ninguna parte; sumérgete en la vida de un hombre y contarás el mundo. O, en otras palabras, cada memoria individual acaba transformándose en memoria colectiva. Así, Giorgio Bassani, autor del relato original, descubrió que toda una enorme guerra cabía en los vértices de un pequeño triángulo: el que forman un testigo inválido, un jerarca fascista y una pareja de amantes. Luego, tal y como vemos en un epílogo, transcurrido un largo tiempo, muy lejos de aquel belicoso estruendo, la niebla se levanta, el telón de la guerra se diluye. Y apenas se adivinan sus sombras.

Daniel Gascó



¹ Cortometraje dirigido por Jean-Luc Godard en el año 2000.